



Concello de Vigo  
Recursos Humanos  
Prevención de Riscos Laborais

**ASUNTO.- VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA ESPECIALIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO, SOBRE 2 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

**DESTINATARIO.- Mesa de Contratación.- A./At. Presidenta**

A Mesa de Contratación celebrada o 26 de xaneiro do 2011, realizou a apertura do sobre nº 2 (documentación técnica), das dúas empresas que presentaron a documentación administrativa en regra, para a contratación dun SPA que preste o servizo de Vixilancia da Saúde do persoal do Concello de Vigo no periodo 2011 - 2014 (expediente 20247-220).

Os criterios de adjudicación relativos á documentación técnica contida no sobre 2 aparecen relacionados no *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de Servizos* (prestación do SPA na especialidade de Vixilancia da Saúde) polo *Excmo. Concello de Vigo*, no apartado 16-1-1 da FEC -Criterios valorables mediante xuízo de valor (páxina 57 do prego indicado).

Revisada a documentación técnica presentada polas empresas **SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO, S.L.** e **SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.**, indícase no presente informe en primeiro lugar o criterio establecido, e a continuación a puntuación que se propón para cada empresa en cada apartado.

1. *"Cursos de formación "Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia" dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias. Esta formación deberá contar con dúas partes independentes: a primeira referirase á atención ás vítimas en situacións de urxencia e a segunda a como deben afrontar estas situacións os propios traballadores dos servizos de emerxencia. Deberán especificarse o número de cursos por anos, o crédito horario do curso, o número máximo de asistentes por curso, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Valorarase de 0 a 8 puntos"*.

A puntuación repartirase do seguinte xeito: ata 1,5 puntos por número de cursos por ano, ata 1,5 puntos polo crédito horario, ata 1,5 puntos polo número de asistente, ata 1,5 puntos polo curriculum do formador e ata 2 polo programa formativo.

Neste apartado ASEPEYO oferta un curso por ano cun crédito de 7 horas lectivas por curso. O

número máximo de asistentes é de 30 traballadores. Aporta o programa do curso e indica que o curso terá dous enfoques: un operativo dirixido á atención aos afectados e vítimas e un enfoque persoal dirixido aos traballadores dos servizos de Emerxencia sobre os métodos e capacidades para afrontar estas situacións. O programa é o seguinte:

- La importancia de la comunicación interna: el grupo. Roles y tareas. El equipo en la prevención y en la intervención. Aspectos organizativos y funcionales.
- La comunicación al exterior. Imagen institucional: uniformidad, comportamiento, distintivos, vehículos.
- La comunicación en la emergencia. Recepción y trámite de llamadas. Teléfono. Transmisiones. Mensajes al público.
- Situaciones de atención psicológica. Tipos de respuestas (shock, crisis post-traumáticas,...). Fisiológicas, cognitivas, motoras, emocionales.
- Atención a los afectados. Reclutamiento y organización de los afectados. Organización de recursos. Coordinación con otros grupos interdisciplinares.

Non aporta curriculum do formador, senón que indica que o está acción formativa será coordinada e impartida por unha empresa (Maider, S.L.), que segundo indican conta cunha ampla experiencia no campo da protección civil.

FREMAP oferta 4 cursos por ano cun crédito de 8 horas lectivas por curso. O número máximo de asistentes é de 20 traballadores por curso. O programa consta de dúas partes, a 1ª adicada a atención psicolóxica ás vítimas en situación de emerxencia (4 horas) e a 2ª adicada a atención psicolóxica dos profesionais (4 horas). Aporta o programa de cada parte:

1ª parte: atención psicolóxica ás vítimas en situación de emerxencia

- Atención inmediata na situación de emerxencia
- Técnicas de redución do impacto psicolóxico. Prevención do trastorno de estrés postraumáticos.

2ª parte: atención psicolóxica dos profesionais

- Aprendizaxe de técnica de control do estrés.
- Estratexias de prevención
- Manexo do distrés agudo
- Manexo de distrés retardado
- Técnicas: defusin, debriefing.

Achegan o curriculum vitae da formadora que impartirá o curso (diplomada en Enfermería de Empresa, Licenciada en Psicología, título de Terapeuta Sistémico). En relación co curso a impartir, indica que conta co "curso práctico en emerxencias, de 7 h, impartido por SEGANOSA no 2004, e "Xornada de traballo sobre intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias, organizada polo colexio oficial de psicólogos de Galicia. Sin embargo non consta que teña experiencia na impartición deste tipo de cursos.

### **VALORACIÓN:**

**Nº cursos:** FREMAP oferta 4 puntos fronte a 1 de ASEPEYO. Os 4 cursos anuais permiten ao Concello de Vigo unha maior flexibilidade a hora de ofertar estes cursos, xa que da diversas opcións. Ou ben ofertar un por trimestre ou ben ter en conta os distintos turnos de traballo, xa que o colectivo ao que va dirixido esta formación é ao persoal de emerxencias (os bombeiros, por exemplo, traballan en 4 turnos, o que se adecua perfectamente á oferta realizada por FREMAP)

**Crédito horario:** Neste caso as dúas ofertas son moi similares, sendo lixeiramente superior a de FREMAP.

**Nº de asistentes:** ASEPEYO permitiría asistencia a esta formación ao final do ano a 30

traballadores, fronte ao 4x20=80 de FREMAP.

**Curriculum:** A empresa formadora proposta por ASEPEYO (Maidier, S.L.) non pode valorarse, xa que non se aporta compromiso desta empresa de realizar esta formación. A formadora proposta por FREMAP no aporta experiencia na impartición deste tipo de cursos, se ben é licenciada en psicoloxía, e participou nunha xornada sobre o tema.

**Programa:** Os dous programas propostos son correctos, pero o da Sociedade de Prevención FREMAP axústase máis ao solicitado no prego de condicións, polo que entendemos que debe valorarse con maior puntuación.

Puntuación:

	Nº cursos	Crédito horario	Nº asistentes	Curriculum	Programa	TOTAL
ASEPEYO	0,375	1,31	0,56	0	1	3,245
FREMAP	1,5	1,5	1,5	0,5	2	7

2. Curso de formación en primeiros auxilios. Cursos presenciais de alto contido práctico, para un máximo de 15 persoas por curso e unha duración non superior a 5 horas. Deberanse especificar os recursos materiais que se destinarán a este curso e número de cursos que se ofertan cada ano. Valorarase de 0 a 3 puntos.

A puntuación repartirase do seguinte xeito: ata 1,5 puntos por número de cursos por ano, e ata 1,5 puntos polos recursos materiais asignados.

Neste apartado ASEPEYO oferta 4 cursos por ano cun crédito de 4 horas lectivas por curso. O número máximo de asistentes é de 15 traballadores por curso. Os recursos materiais que destinarán son: aula de formación da empresa habilitada e equipada con medios didácticos e audiovisuais (mobiliario, ordenador, proxector, equipo de video-dvd, sonido, pizarra portafolio, etc.), e préstanse para impartir a formación nas instalacións do Concello de Vigo trasladando os medios materiais a utilizar, material divulgativo (folletos, monografías, trípticos sobre socorrismo e primeiros auxilios para a súa entrega aos participantes nas accións formativas. Para a realización das prácticas: maniquí de primeiros auxilios para prácticas de RCP, material sanitario para prácticas de curas, equipos de protección individual, medios e dispositivos de protección colectiva, extintores, etc.)

FREMAP oferta 10 cursos por ano cun crédito de 5 horas lectivas por curso. O número máximo de asistentes é de 15 traballadores por curso. Os recursos materiais que aporta son aula de formación da empresa totalmente equipada e adaptada ao desenvolvemento de actividades formativas, material didáctico/divulgativo (folletos, trípticos, carpetas, DVDs...), equipos audiovisuais (proxectores, videos, ordenadores,...) e material de prácticas como moneco de primeiros auxilios, medios de extinción de incendios.

### **VALORACIÓN:**

**Nº cursos:** ASEPEYO oferta 4 cursos fronte a 10 cursos que oferta FREMAP. Nestes anos vindeiros dende o Servizo de Prevención de Riscos Laborais quere darse esta formación ao persoal de primeiros auxilios que integra os equipos de emerxencias dos distintos centros do concello de Vigo, a, polo menos, unha persoa por brigada nos traballadores dos servizos exteriores, e ademáis, o persoal de emerxencia realiza cursos anuais de reciclaxe de primeiros

auxilios, co que a oferta de FREMAP convén máis ao Concello de Vigo.

Recursos materiais: os recursos materiais que ofertan as dúas empresas son moi similares, se ben ASEPEYO ofrece a mellora de que se presta a trasladar todo este material ás instalacións do Concello, o que en moitas ocasións pode supor unha ventaxa importante.

Puntuación:

	Nº cursos	Recursos materiais	TOTAL
ASEPEYO	0,6	1,5	2,1
FREMAP	1,5	1	2,5

3. Cursos de formación “Normas de hixiene postural dentro e fora do traballo”. Programa de exercizos para a musculatura da columna vertebral enfocado a prevención de dores do lombo. Sesións presenciais para 20 participantes (en cada unha) das que polo menos un 50% estarán enfocadas ao traballo con PVD e o resto aos demais colectivos municipais. Deberán especificar o número de cursos por ano, o crédito horario do curso e o número máximo de asistentes por curso, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Valorarase de 0 a 8 puntos.

A puntuación repartirase do seguinte xeito: ata 1,5 puntos por número de cursos por ano, ata 1,5 puntos polo crédito horario, ata 1,5 puntos polo número de asistente, ata 1,5 puntos polo curriculum do formador e ata 2 puntos polo programa formativo.

Neste apartado ASEPEYO oferta 2 cursos por ano cun crédito de 1 hora lectiva por curso. O número máximo de asistentes é de 20 traballadores por curso. Aporta o programa do curso e indica que o curso será impartido pola Dra. Carmen Serrano Martínez, médico especialista en medicina do traballo da Sociedade de Prevención Asepeyo. Non aporta curriculum, pero indica que a citada doctora ten experiencia na impartición desta tipoloxía de formación. Aporta o programa que consta de 5 puntos:

1. Conceptos básicos de hixiene postural.
2. Exercicios de espalda (columna e ombreiros)
3. Exercicios de extremidades superiores (brazos, mans, dedos)
4. Exercicios de extremidades inferiores (cadeira, pernas, pes)
5. Outros (respiración)

FREMAP oferta 2 cursos por ano cun crédito de 6 horas lectivas por curso. O número máximo de asistentes é de 20 traballadores por curso. Explica que o programa se estrutura en 4 sesións de hora e media de duración durante as que se desenrolan aspectos teórico-prácticos da columna e a súa patoloxía. Cada sesión consta dunha posta en común teórico-práctica de 30 minutos, seguida dun programa de exercicios cunha duración de 60 minutos. Na última sesión aplicarase un cuestionario de satisfacción do programa e ós 6 meses evaluaranse os resultados. Aportan o diario de sesións:

- Biomecánica- Aspectos teóricos-Mecanismos da dor- Importancia da lordose lumbar
  - Exercicios: exercicios para coidar as costas. Exercicios de flexibilidade.
- Factores de risco e de dor lumbar. Manipulación manual de cargas.
  - Exercicios: exercicios deestabilización pélvica. Exercicios de fortalecemento.
- Dor cervical. Traballo en posición sentado. PVD

- Exercicios: elongación cervical. Fortalecemento cervical. Actividades da vida diaria
- Repaso conceptual. Actividades da vida diaria.
  - Exercicios: exercicios acordos ao posto de traballo.

Achegan o curriculum vitae de dúas formadoras que impartirán o curso:

1ª Diplomada en enfermería, con convalidación de diplomada en Enfermería do Traballo. En relación co curso a impartir, no apartado de cursos de formación continuada está o punto 9, "escola da espalda", e no punto "outros", refire "impartir cursos de escola de espalda"

2ª Diplomada en Enfermería de Empresa, Licenciada en Psicoloxía, título de Terapeuta Sistémico. En relación co curso a impartir, indica que conta co curso "Escola da espalda", de 13 h, impartido por FREMAP no 2007.

### **VALORACIÓN:**

**Nº de cursos:** As dúas empresas ofertan 2 cursos por ano.

**Credito horario:** O crédito horario ofertado por FREMAP é moito máis completo que o ofertado por ASEPEYO (6 horas fronte a 1).

**Nº asistentes:** o nº de asistentes a que vai dirixida esta acción é a mesma nos dous casos.

**Curriculum:** Asepeyo propón como formadora a unha médica de medicina do traballo con experiencia na impartición deste tipo de formación, e FREMAP propón a dúas formadoras, ambas diplomadas en enfermería de empresa, ambas teñen recibido formación neste campo, e unha delas indica que tamén conta con experiencia na impartición desta formación. Cremos que neste campo as dúas ofertas son similares.

**Programa:** No que se refire aos programas ofertados, é máis completo o de FREMAP, que ademais dirixe os exercicios aos riscos derivados do traballo. Cita especificamente o traballo con PVD, a manipulación manual de cargas, e os exercicios acordos ao posto de traballo. Ademais FREMAP faría un seguimeto e avaliaría os resultados aos 6 meses. Por este motivo, neste apartado consideramos que FREMAP debe levar a maior puntuación.

Puntuación:

	Nº cursos	Crédito horario	Nº asistentes	Curriculum	Programa	TOTAL
ASEPEYO	1,5	0,25	1,5	1	0,25	4,50
FREMAP	1,5	1,5	1,5	1	2	7,50

4. Cursos de formación "Xestión de equipos de traballo para mandos intermedios" (motivación, comunicación, traballo en equipo, toma de decisións, xestión eficaz do tempo, competencias e intelixencia emocional). 1 sesión para 25 participantes cada ano. Deberá especificarse o crédito horario, o curriculum do formador (incluída a experiencia previa na impartición deste tipo de actividades formativas a colectivos similares) e o programa destinados a esta formación. Se valorará de 0 a 5 puntos.

A puntuación repartirase do seguinte xeito: ata 1,5 puntos polo crédito horario, ata 1,5 puntos polo curriculum do formador, e ata 2 puntos polo programa formativo.

Neste apartado ASEPEYO oferta un curso por ano cun crédito de 5 horas lectivas por curso destinado a un máximo de 25 traballadores. Non aporta o curriculum do formador, pero indica que será coordinado por Montserrat Yepes Baldó, doctora en psicoloxía, pertencente ao Departamento

de Psicoloxía Social da facultade de Psicoloxía da Universidade de Barcelona, con experiencia na impartición desta tipoloxía de formación para empresas clientes da Sociedade de Prevención de ASEPEYO. Aporta o programa do curso:

1. Equipos e persoas  
Ventaxas do traballo en equipo  
Como seleccionar aos integrantes dun equipo
2. Equipos e liderazgo  
A misión do líder  
Estilos de liderazgo. Como reconocer o estilo propio.  
Técnicas de comunicación con el equipo  
Técnicas de motivación do equipo  
Técnicas de xestión de conflitos e incidencias  
Avaliación do equip  
Xestión da recompensa  
Desenvolvemento do equipo
3. Casos prácticos

FREMAP oferta un cursos por ano cun crédito de 4 horas lectivas por curso. O número máximo de asistentes é de 25 traballadores. Aporta o obxectivo e o programa do curso:

1. Liderazgo  
Definición  
Tipoloxía de liderazgo  
O líder eficaz
2. Motivación e empatía  
Modelo de motivación  
Concepto de motivación laboral. Elementos motivadores e desmotivadores  
Aspectos básicos para xenerar motivación e satisfacción laboral  
A empatía: desenrolo de habilidades empáticas
3. A comunicación  
Desenrolo de habilidades comunicativas  
A comunicación constructiva
4. Resolución de conflitos  
Identificar e resolver conflitos  
Método de solución de problemas
5. Dirección de equipos  
A selección do equipo  
A toma de decisión  
Achegan o curriculum vitae da formadora que impartirá o curso: diplomada en Enfermería de Empresa, Licenciada en Psicoloxía, título de Terapeuta Sistémico.

#### **VALORACIÓN:**

**Crédito horario:** o crédito horario ofertado por ASEPEYO en máis amplo que o de FREMAP (5 horas fronte a 4)

**Curriculum:** ASEPEYO non aporta curriculum do formador. Indica quen será o coordinador do curso, pero non é este o criterio a valorar, polo que non se lle pode dar ningunha puntuación neste apartado. FREMAP aporta o curriculum da formadora, que non aporta ningunha experiencia neste tipo de formación, se ben é licenciada en psicoloxia, titulación axeitada para esta formación.

**Programa:** Os dous programas son moi similares, polo que se lles concede a mesma puntuación ás dúas empresas.

Puntuación:

	Crédito horario	Curriculum	Programa	TOTAL
ASEPEYO	1,5	0	2	3,5
FREMAP	1,2	0,5	2	3,7

5. Proposta de campañas e actividades formativas e informativas e de sensibilización de promoción da saúde (deberá presentarse unha planificación coas distintas actividades que se ofertan e especificar os recursos materiais-dípticos, cartelería,...- e humanos que se destinarán a estas). Se valorará de 0 a 8 puntos.

A puntuación se repartirá do seguinte xeito: ata 5 puntos polas actividades planificadas, ata 1,5 puntos polos recursos materiais e ata 1,5 puntos polos recursos humanos.

**ASEPEYO**, no punto 3.1.5 da súa oferta, propón diseñar para os traballadores do Concello de Vigo **5 programas de sensibilización e promoción da saúde** (Espalda saludable no traballo, Prevención do consumo do alcohol no ámbito laboral, Prevención do consumo do tabaco no ámbito laboral, saúde mental no traballo e Prevención de enfermidades e factores de risco cardiovascular no traballo, incluíndose os seguintes: tabaquismo, HTA, hipercolesterolemia, diabetes melitus, obesidade e sedentarismo) articulados en 3 fases: informativa a tódolos traballadores, formación presencial e intervención con accións sanitarias directas e individuais sobre cada traballador.

Ofrece ademais accións individuais de promoción da saúde mediante a entrega persoal a cada traballador das recomendacións sanitarias de promoción da saúde. Indica que ASEPEYO dispón de **24 monográficos de promoción da saúde** para a súa entrega de forma individualizada aos traballadores do Concello de Vigo (lista os 24 monográfico)

Recursos materiais: folletos, trípticos e pósters informativos. Para as accións formativas presenciasí pon os mesmos medios indicados no apartado 3,1,2 da súa oferta (recollidos neste informe no punto 2 cursos de formación en primeiros auxilios)

Recursos humanos: pondrá a disposición do Concello de Vigo a lo menos os profesionais adscritos para a axecución das actividades da medicina no traballo (dous médicos e una DUE), e en función das necesidades estas accións poden ser complementadas ou reforzadas por outro persoal da Sociedade de Prevención de ASEPEYO (unha unidade básica de saúde)

**FREMAP** accións formativas /informativas e divulgativas desglosadas en tres bloques (promoción da saúde no lugar de traballo, información e formación para a promoción da saúde, e cátedra FREMAP de investigación e desenvolvemento en medicina do traballo) e garante a lo menos a realización de **8 actividades formativas/informativas** anuais da promoción da saúde.

O primeiro bloque de promoción da saúde no lugar de traballo se basea na realización de campañas clasifican en:

#### A. Campañas de promoción da saúde sobre riscos profesionais

Propoñen deseñar, de acordo co Servizo de Prevención Propio campañas de promoción da saúde sobre riscos profesionais e condicións saudables de traballo (utilización de protectores auditivos, prendas de protección individual, posturas de traballo, etc...).

**B. Campañas sobre promoción da saúde no lugar de traballo, das que se derivan campañas específicas sobre hábitos de vida saudables**

Propoñen asesoramento ao Concello nas campañas de promoción e prevención da saúde máis axeitadas segundo os resultados dos recoñecementos médicos e as necesidades propias, relacionadas cos seguintes temas: Escola da espalda (cinesiterapia de columna vertebral, cinesiterapia de columna vertebral con artrosis, exercizos de colo, de ombreiro, y costas en xestación..), Escola de costas (columna cervical), Xeral (adecuación ao traballo a través do exercicio físico), Cadeira (prevención de dor e rixidez na cadeira, exercizos de nocello e pé plano, xeonllos...), Extremidades superiores (exercizos para pulsos, mans e dedos), Sistema cardiovascular (conceptos de adecuación cardiovascular xeral, corazón e actividades física, Exercicio físico, hábitos de vida e cardiopatía coronaria, relación entre exercicio físico e tensión arterial, varices, sistema venoso periférico), Sistema respiratorio (exercizos básicos respiratorios), e programa de tratamento e deshabitación tabáquica.

Na páxina 25 do documento presentado especifican que en todos os recoñecementos médicos realizados realizarían actividades de promoción da saúde en función dos resultados dos recoñecementos médicos, entregando aos traballadores **documentación informativa** ao respecto e/ou segundo as necesidades de cada traballador **relacionadas con 20 temas** distintos (lista os 20 temas)

O segundo bloque sobre información e formación para a promoción da saúde recolle **10 charlas informativas en prol da promoción da saúde**: hipertensión; nutrición cardiosaludable; artrose; cancro de pel: prevención e fotoeducación; drogas no medio laboral; ampollas nos pés: vacinación gripal; RCP e soporte vital básico (so para o persoal adscrito ao equipo do RCP); tabaquismo; xestión de stress e ansiedade no traballo.

O terceiro bloque refírese a posibilidade para esta administración de participar na **CÁTEDRA FREMAP DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO NA MEDICINA DO TRABALLO**, creada xunto coa UNIVERSIDAD EUROPEA DE MADRID, cuxo obxectivo é o de xerar coñecemento na área de medicina do traballo e trasladalo para que toda a comunidade médica e social poda beneficiarse deste. Na actualidade esta Cátedra está abordando proxectos de investigación, nos que propoñen a participación do **SERVIZO PREVENCIÓN PROPIO DO CONCELLO DE VIGO: Risco Cardiovascular e traballo, Cancro colo-rectal e Lipoatrofia Semicircular**.

Recursos humanos: Na páxina 23 di que destinarán *“Como mínimo, os profesionais asignados o desenvolvemento das actividades do contrato serán dous médicos e unha enfermeira/ATS, sen prexuízo de que podan participar outros profesionais nas actividades programadas”*.

Recursos materiais: na mesma páxina 23 ofertan *“aula de formación no centro propio acreditado en Vigo, totalmente equipado e adaptado o desenvolvemento das actividades formativas. Material didáctico/divulgativo: folletos, trípticos, carpetas, DVD`s.... Equipos audiovisuais: proxectores, vídeos, ordenadores... Material de prácticas tal como o moneco de primeiros auxilios, medios de extinción de incendios ”*

**VALORACIÓN:**

**Actividades planificadas:** ASEPEYO propón diseñar **5** programas de sensibilización e promoción da saúde, fronte ás **8** accións formativas/informativas **anuais** de FREMAP. No que se refire á



información que facilitarán aos traballadores no momento de recoñecemento médico, ASEPEYO oferta 24 monográfico fronte os 20 de FREMAP. FREMAP oferta ademais 10 charlas informativas en prol da promoción da saúde, e oferta a posibilidade para o Concello de Vigo de participar na Cátedra Fremap de investigación e desenvolvemento na medicina do traballo. En conxunto parece máis completa a oferta de FREMAP, polo que se lle otorga unha puntuación maior.

Recursos materiais: os recursos materiais que ofertan as dúas empresas son moi similares, se ben ASEPEYO ofrece a mellora de que se presta a trasladar todo este material ás instalacións do Concello, o que en moitas ocasións pode supor unha ventaxa importante.

Recursos humanos: as dúas empresas fan unha oferta similar neste punto.

Puntuación:

	Actividades planificadas	Recursos materiais	Recursos humanos	TOTAL
ASEPEYO	2,0	1,5	0,5	4,0
FREMAP	3,5	1,0	0,5	5,0

6. Servizo de fisioterapia para un determinado número de postos de traballo do Concello de Vigo, que serán eleixidos polos médicos e a DUE asignados no Concello de Vigo e as técnicas do Servizo de Prevención. Este servizo consistirá en:

-Enquisa inicial aos traballadores.

-Ximnasia laboral: preparar cos traballadores exercizos para realizar a lo menos ao inicio da xornada laboral e que terán como finalidade preparar a musculatura do traballador ao traballo diario, mediante técnicas de estiramento, contracción, relaxación, e outros métodos utilizados para prevenir lesións.

-Escola de postura: orientacións teórico-prácticas para a corrección dos vicios posturais, previniendo posibles reincidencias das lesións. Reeducación postural que permita o aforro de esforzos inútiles adaptándola ás necesidades persoais según actividade, oficio, etc., e enfocando os exercicios hacio os músculos que se someten a maior esforzo durante o traballo.

- Cursos e charlas informativas: Sobre a promoción da saúde do traballador, informando sobre os tipos de doenzas que pode producir o traballo.

Neste apartado deberá especificarse e valorarse o número de postos de traballo que se abordarán anualmente (non máis de 8), os recursos humanos e materiais que se destinarán a esta actividade, e a experiencia do equipo de traballo en actividades similares. Se valorará de 0 a 8 puntos.

A puntuación repartirase do seguinte xeito: ata 2 puntos polo nº de postos de traballo obxecto da acción, ata 1,5 puntos polos recursos humanos, e ata 1,5 puntos polos recursos materiais e ata 3 puntos polo equipo que realice esta acción.

**ASEPEYO** propón abordar anualmente 5 postos de traballo. A acción se estruturará en catro fases: enquisa inicial, preparación e prescripción de exercizos prácticos de estiramento, relaxación, contracción e preparación do sistema muscular interviniente enas tarefas a

desempeñar no posto de traballo, información sobre exercicios periódicos a realizar antes de iniciar e despois da finalización da xornada laboral e, por último, formación postural ("escola de posturas"), na que se formará aos traballadores no programa de exercicios básicos para a prevención de factores de risco músculo-esqueléticos derivados de adopción de posturas forzadas o incorrectas no traballo, manipulación manual de cargas e realización de movementos repetitivos.

**Recursos humanos:** din que a acción será impartida pola Dra. Carmen Serrano Martínez e o Dr. Eulogio Eladio Pardo Lorenzao, médicos da Sociedad de Prevención de Asepeyo, con experiencia na realización de actividades de ergonomía similares, e, en función das necesidades do Concello de Vigo, pódese recurrir a presenza dun especialista en fisioterapia para o reforzo práctico dos exercicios de ximnasia laboral propostos.

**Recursos materiais:** aula de formación da empresa habilitada e equipada con medios didácticos e audiovisuais para impartir a formación, que tamén podería desenvolverse nas instalacións do Concello de Vigo. **Material divulgativo:** proporcionarán aos asistentes a documentación de soporte das accións realizadas (folletos, trípticos, fichas informativas e táboa de exercicios a realizar).

**FREMAP** propón abordar anualmente 8 postos de traballo. O servizo que prestarán consistirá nunha enquisa inicial aos traballadores, ximnasia laboral (preparar cos traballadores exercizos para realizar a lo menos ao inicio da xornada laboral e que terán como finalidade preparar a musculatura do traballador ao traballo diario, mediante técnicas de estiramento, contracción, relaxación, e outros métodos utilizados para prevenir lesións, escola de postura (orientacións teórico-prácticas para a corrección dos vicios posturais, previniendo posibles reincidencias das lesións. Reeducación postural que permita o aforro de esforzos inútiles adaptándola ás necesidades persoais según actividade, oficio, etc., e enfocando os exercicios hacias os músculos que se someten a maior esforzo durante o traballo), cursos e charlas informativas (sobre a promoción da saúde do traballador, informando sobre os tipos de doenzas que pode producir o traballo).

**Recursos humanos:** como mínimo, os profesionais asignados ao desenvolvemento das actividades do contrato serán dous médicos e unha enfermeira/ATD sen perxuício de qu poidan participar outros profesionais nas actividades programadas. Achega con esta formación dous currícula, pero en ningún lugar indica que estas persoas sexan as que van desenvolver esta acción.

**Recursos materiais:** aula de formación da empresa totalmente equipada e adaptada ao desenvolvemento das actividades formativas. Material didáctico/divulgativo (folletos, trípticos, carpetas, DVD,...) equipos audiovisuais (proxectores, videos, ordenadores,...) e material de prácticas tal e como o moneco de primeiros auxilios ou medios de extinción de incendios.

### **VALORACIÓN:**

**Nº de postos:** ASEPEYO propón abordar anualmente 5 postos, e FREMAP propón abordar 8 postos anualmente.

**Recursos humanos:** ASEPEYO aportará para esta acción dous médicos da Sociedad de Prevención ASEPEYO, ademais dun especialista en fisioterapia para o reforzo práctico dos exercicios de ximnasia laboral propostos. FREMAP oferta os profesionais asignados ao desenvolvemento das actividades do contrato, sen perxuício de que poidan participar outros profesionais. Otórgase maior puntuación a ASEPEYO, pois a súa oferta mellora a de FREMAP.

**Recursos materiais:** os recursos materiais que ofertan as dúas empresas son moi similares, se ben ASEPEYO ofrece a mellora de que se presta a trasladar todo este material ás instalacións do Concello, o que en moitas ocasións pode supor unha ventaxa importante.

**Equipo:** o equipo que aporta ASEPEYO, conta, según din na súa oferta "con experiencia na realización de actividades de ergonomía similares. FREMAP aporta dous currícula, de dúas enfermeiras de empresa, pero en ningún lugar di que sexan estas as persoas que destina a desenvolver esta acción, polo que non pode ser puntuado neste apartado.

	Nº postos	Recursos humanos	Recursos materiais	Equipo	TOTAL
ASEPEYO	1,25	1,5	1,5	2	6,25
FREMAP	2	0,5	1,0	0	3,5

ASEPEYO presenta ademais outros puntos na súa oferta, que son o punto 3.1.7. Outra formación sanitaria, 3.2. Actividades de Medicina do traballo (con dous subapartados), e 4. Outras prestacións complementarias, que non poden ser valoradas o non estar prevista esta valoración no prego de cláusulas administrativas particulares, pero que a empresa terá que ofrecer en caso de ganar o presente procedemento de adxudicación.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración queda tal e como segue:

<b>Sociedad de prevención ASEPEYO, S.L.</b>	<b>23,595 puntos</b>
<b>Sociedad de prevención FREMAP, S.L.</b>	<b>29,20 puntos</b>

O que se informa á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Vigo, 28 de xaneiro de 2011

**A Técnica de Prevención de Riscos Laborais**

  
Isabel Cabeza Pereiro

Conforme, A Xefa do Servizo de Recursos Humanos

  
María Dapena Gómez